



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COMPLETAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL DO PROGRAMA STARTING GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se ditan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría xeral de Universidades da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONSELLERÍA, a USC e a UDC para achegar unha axuda complementaria para que os/as investigadores/as principais beneficiarios/as do programa Starting Grants (StG) poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. As axudas irán destinadas a financiar actividades dos/as investigadores/as principais que, como requisito imprescindible, manteñan a vinculación laboral coa súa universidade e non poderán financiar custos financiados directamente polas axudas do programa StG (convocadas polo Consello Europeo de Investigación –ERC–).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten interese público xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ao equipo dun/dunha investigador/a principal de programas StG estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o atraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.

No ámbito do SUG os/as tres (3) investigadores/as principais aos que se vincula a axuda son os/as únicos/as con subvencións vixentes da ERC (convocatoria 2016 e convocatoria 2015 con incorporación ao SUG no ano 2018), por iso non é necesario promover a concorrência competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que o StG é un programa da Unión Europea no que a solicitude de participación a realiza o/a investigador/a e tanto o proxecto coma o seu curriculum pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a excelencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

